Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

II / 2019

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. Tras tres anos con taxas de crecemento iguais ou superiores á media española, a economía galega presenta un ritmo de crecemento do 2,3%, unha décima inferior á estimada para o conxunto da actividade económica de España. Con todo, o PIB galego segue a medrar claramente por riba da media da unión europea (1,5%) e da zona euro (1,2%).

2. A ralentización da economía galega vai asociada a un cambio no patrón de crecemento, atendendo ás achegas da demanda interna e externa. No concernente á demanda interna, cunha achega positiva de 3,3 puntos ao crecemento agregado do PIB, salienta o mantemendo do impulso do investimento (86,9%), así como o elevado dinamiswmo do gasto das familias, cun incremento do 3,4%, o valor máis elevado dende 2006. No concernente ao saldo exterior neto, por cuarto trimestre consecutivo a demanda externa detrae puntos ao crecemento do PIB. No primeiro trimestre do ano, tras a forte contracción das exportacións, así como das importacións, a achega negativa situouse nun punto porcentual. De feito, o desplome da demanda externa que reflícten a contabilidade do IGE no primeiro trimestre semella excesivo e convida a ser cauteloso e agardar á confirmación dese patrón de crecemento nos vindeiros trimestres.

3. Dende o punto de vista sectorial, o crecemento galego susténtase en boa medida no subsector de comercio, transporte e hostalería, que medra un 6,8% respecto ao ano anterior, máis de tres puntos por riba da media estatal. Asemade, rexístrase unha contracción do sector industrial no seu conxunto, e da industria manufactureira en particular, o que contrasta co incremento rexistrado en España. No primeiro trimestre de 2019, a industria manufactureira contraese un 1,7%, a diferencia do que acontece en España, onde a taxa de crecemento interanual sitúase no 1,2%.

4. Os datos recollidos no informe invitan a reflexionar sobre posibeis cambios tanto na política industrial da Xunta de Galicia e os instrumentos definidos, como na estratexia de internacionalización aprobada e as políticas de I+D+i. Neste último caso, a posición relativa de Galicia no índice rexional de innovación presentado pola Comisión Europea retrocede en relación ao conxunto do Estado, manténdose estable en relación a UE.

5. O mercado de traballo galego mantén a súa tendencia positiva en termos de creación de emprego e redución do paro, se ben persisten as súas feblezas. Este bo comportamento dos grandes agregados trasládase aos fogares, rexistrándose unha evolución descendente tanto do número de fogares sen preceptores como de fogares galegos con todos os seus activos en situación de desemprego, así como o incremento daqueles onde todos os seus activos son ocupados.

6. No que á ocupación se refire cómpre resaltar, en primeiro lugar, que o emprego feminino presenta un mellor comportamento que o dos homes. Este incremento da ocupación prodúcese fundamentalmente no sector servizos, influenciado polo incremento nas actividades relacionadas coa hostalería,

servizos sociais e actividades profesionais, científicas e técnicas, o que contrasta coa redución no subsector comercio. Ao tempo, a industria manufactureira experimenta tamén unha medra da poboación ocupada. Doutra banda, hai que destacar que o incremento do número de asalariados no sector privado así como daqueles asalariados con contratos indefinidos (5,2%), reducíndose por tanto a taxa de temporalidade. En derradeiro lugar, en contraposición do que acontece en España, Galicia presenta unha caída do número de persoas ocupadas por conta propia.

7. Tras unha caída do 17,5% da poboación parada, o segundo maior descenso dende a recuperación económica, e a mellora da ocupación, a taxa de desemprego sitúase no primeiro trimestre do ano no 12,5%, a porcentaxe máis reducida dende o mesmo período de 2010. Tamén, cómpre resaltar o forte descenso do desemprego de longa duración (30,8% menos) e que este se produce nos distintos grupos de idade. Con todo, este paro de longa duración aínda representa o 38,9% do paro total.

8. A aprobación por parte do Goberno de España da suba do salario mínimo interprofesional (SMI) ata os 900 euros a partir de xaneiro deste ano supuxo unha medida de impacto non só dende o punto de vista político senón tamén económico. Este incremento dun 22% e, sobre todo os seus posibles efectos, é aínda obxecto de debate e reflexión sen terse chegado a opinión consensuada. O presente informe faise eco de dúas visión contrapostos sobre este tema. En primeiro lugar, José António Neira, secretario xeral en funcións da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) sinala os efectos negativos dunha suba unilateral sobre a competitividade e a creación de emprego, aspecto que se reflectirá especialmente cando se produza unha etapa contractiva do ciclo económico (e non expansiva como na que estamos). Pola súa banda, Manuel Lago, profesor da UDC e ex-economista de Comisións Obreiras (CC.OO) fai fincapé na eficiencia da medida en termos de mellora do benestar sen producir destrución de emprego como se comproba nas fontes estatísticas empregadas na análise do mercado de traballo: Contabilidade Nacional e EPA.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

II- COMENTARIOS
. A voltas co incremento do SMI.
Autor: José Antonio Neira Cortés.
. O salario mínimo de 900 euros non destrúe emprego e mellora o benestar
Autor: Manuel Lago.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN: 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Xuño de 2019

I- ANÁLISE DE CONTAS

1- CONTAS ECONÓMICAS 1º TRIMESTRE 2019: CAMBIO NO MODELO DE CRECEMENTO.

Tras tres anos con crecementos iguais ou superiores á media estatal, neste último trimestre o ritmo de crecemento da actividade económica de Galicia sitúase unha décima por baixo da media española. En termos interanuais, o PIB galego en termos reais medra un 2,3%, sendo esta porcentaxe do 2,4% en España. En termos intertrimestrais, o incremento do PIB foi do 0,4% en Galicia fronte ao 0,7% rexistrado para o conxunto do Estado.

Os datos do crecemento agregado do PIB neste primeiro trimestre semellan confirmar un cambio no patrón de crecemento tendo en conta o maior dinamismo da demanda interna e o mantemento, por cuarto trimestre consecutivo, dunha achega negativa da demanda externa. Entre os aspectos máis salientables cómpre mencionar, en primeiro lugar, a significativa contribución da demanda interna, que se sitúa en 3,3 puntos, o valor máis elevado dende o terceiro trimestre de 2016. En termos de crecemento mantense o forte impulso do investimento así como o acusado dinamismo do consumo final das familias, que medran un 3,4% respecto ao ano anterior, o que supón o ritmo máis acusado dende o cuarto trimestre de 2006. No que á demanda externa se refire, por segundo trimestre consecutivo contráense tanto as exportacións como as importacións, sendo especialmente significativas as caídas deste primeiro trimestre de 2019. Polo lado da oferta, o crecemento galego susténtase en boa medida no subsector de comercio, transporte e hostalería, que medra un 6,8% respecto ao ano anterior. Asemade, rexístrase unha contracción do sector industrial no seu conxunto, e da industria manufactureira en particular o que contrasta co incremento rexistrado en España.

A ralentización da economía galega ao longo do último ano tradúcese nunha medra interanual do 2,3% no primeiro trimestre do ano, oito décimas menos que o estimado no primeiro trimestre do ano anterior. Tras tres anos con crecementos iguais ou superiores á media estatal, neste último trimestre o ritmo de crecemento do PIB galego sitúase unha décima por baixo da media española (2,4%). No conxunto da zona euro o crecemento do PIB foi do 1,2%, e na UE-28 e UE-27

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2012-2019



Fonte: IGE e INE

do 1,5%, polo que continúa o proceso de convergencia coa media europea retomado co inicio da recuperación económica. Se a análise se fai en termos intertrimestrais, a economía galega presentan un incremento do seu PIB do 0,4% no primeiro trimestre do ano, o valor máis reducido dende o primeiro trimestre de 2014 (0,4%). Por contra, esta medra sitúase no 0,7% en España.

DEMANDA AGREGADA

O primeiro trimestre do ano caracterízase polo forte impulso da demanda interna, que achega 3,3 puntos ao crecemento agregado do PIB en termos reais, o valor máis elevado dende o terceiro trimestre de 2016. Por el contrario, por cuarto trimestre consecutivo o saldo exterior neto é negativo, feito que non acontecía dende o ano 2006. No primeiro trimestre do ano a demanda externa detrae un punto porcentual ao crecemento do PIB. Comparado co rexistrado no conxunto do Estado, a demanda interna presenta, ao igual que no derradeiro trimestre do ano anterior, unha contribución superior á estimada en España (2,2 puntos porcentuais) ao contrario do que acontece coa demanda externa, que no conxunto do Estado presenta unha achega positiva de dúas décimas.

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2017-2019



Fonte: IGE e INE

Entre os compoñentes da demanda interna cómpre resaltar en primeiro lugar, o mantemento do forte impulso do investimento, medido en termos de formación bruta de capital. No primeiro trimestre do ano 2019, a taxa de crecemento interanual do investimento en Galicia foi do 6,9%, catro décimas

Cadro macroeconómico de Galicia 2017-2019. Taxas de variación interanual.

%

	2017	2018	2018/I	2018/II	2018/III	2018/IV	2019/I
Produto Interior Bruto	3,2	2,8	3,1	2,9	2,5	2,6	2,3
Demanda							
Gasto en consumo final	1,6	2,2	2,2	2,3	2,0	2,3	2,7
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	1,3	2,3	2,4	2,1	2,2	2,7	3,4
AA. Públicas	2,4	1,8	1,7	3,1	1,3	1,2	0,8
Formación Bruta de Capital	5,5	7,0	6,5	8,5	7,1	6,0	6,9
Achega demanda interna ao PIB	2,2	2,9	2,8	3,2	2,7	2,8	3,3
Exportacións	5,0	3,4	7,2	4,2	4,4	-2,1	-8,4
Importacións	3,2	3,9	7,3	5,3	5,2	-1,9	-7,0
Achega demanda externa ao PIB	1,0	-0,1	0,3	-0,3	-0,2	-0,2	-1,0
Oferta							
Sector primario	1,9	0,9	0,7	1,4	0,8	0,9	0,8
Industria	3,2	3,8	7,2	3,9	2,1	2,2	-3,1
Industria manufactureira	4,9	2,8	5,3	3,7	1,5	0,9	-1,7
Construción	6,7	6,1	5,4	6,3	6,8	5,8	5,5
Servizos	3,1	2,5	2,0	2,6	2,5	2,7	3,7
Comercio, transporte e hostalería	5,1	3,4	2,6	3,5	3,3	4,2	6,8
Información e comunicacións	7,8	2,6	2,5	4,2	2,9	0,8	3,5
Actividades financeiras e de seguros	1,0	2,0	0,7	1,1	2,3	3,8	2,6
Actividades inmobiliarias	0,4	0,6	0,1	0,7	0,9	0,6	1,0
Actividades profesionais	3,9	4,4	3,5	4,4	4,9	4,7	4,5
Administración pública, sanidade e educación	2,0	2,0	2,2	2,3	2,1	1,5	1,8
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,2	0,3	0,3	0,4	0,3	0,3	0,2

Fonte: IGE

por riba do estimado no mesmo período do ano anterior. O consumo final das familias presenta un acusado dinamismo ao medrar un 3,4% respecto ao primeiro trimestre do ano anterior, o que supón o ritmo máis acusado dende o cuarto trimestre de 2006 (3,4%). Por último, o consumo das administracións públicas ralentiza o seu ritmo de crecemento ao medrar un 0,8%, nove décimas menos que no ano anterior.

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, tanto o gasto en consumo final como o investimento presentan en Galicia taxas de crecemento superiores. Dunha banda, o gasto en consumo final, impulsado polo dinamismo do gasto das familias, medra en Galicia un 2,7%, 1,2 puntos por riba do incremento interanual na economía española. Doutra banda, o investimento presenta en España unha taxa de variación interanual do 4,7%, máis de dous puntos inferior ao rexistrado na economía galega. Por contra, tan só o gasto en consumo final das administracións presenta un incremento superior ao reflectido nas contas económicas de Galicia (2,0% e 0,8%, respectivamente).

No concernente ao sector exterior, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte por segundo trimestre consecutivo unha caída tanto das exporta-

PIB real en Galicia e España 1º trimestre 2019. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE

cións como das importacións, sendo esta contracción significativamente superior no trimestre de 2019. Neste primeiro trimestre as exportacións reducíronse un 8,4% en relación ao ano anterior, 6,3 puntos máis que no trimestre anterior, en tanto que as compras fóra de Galicia o fixeron nun 7% (-1,9% no trimestre anterior). No conxunto do Estado tanto as vendas ao exterior como as compras de terceiros países presentan unha caída interanual, se ben esta contracción é significativamente inferior á rexistrada en Galicia (as exportacións redúcense un 0,5% e as importacións un 1,2%).

Tras esta evolución, a achega en Galicia da demanda externa mantén por cuarto trimestre consecutivo unha achega negativa, detraendo no primeiro trimestre de 2019 un punto porcentual ao crecemento agregado do PIB. Esta tendencia negativa do sector exterior supón un sinal claro de preocupación sobre a febleza do sector exterior galego. A economía española amosa unha achega positiva de dúas décimas, feito que non acontecía dende o segundo trimestre de 2017.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total acumulado das exportacións galegas nos tres primeiros meses do ano presenta unha contracción do 9,5%, feito que non acontecía dende o ano 2012, motivado en boa medida

pola caída nun 25,7% nas vendas exteriores do sector téxtil confección e do 15,8% no do automóbil. No primeiro trimestre do ano as exportacións acadan un valor de 5.154,9 millóns de euros, o que representa o 7,3% do total estatal (8,3% ao comezo da crise económica). Por contra, as importacións galegas, tras unha medra do 14,3% respecto ao mesmo período do ano anterior, ascenden a 5.025,5 millóns de euros, do que se deduce que o saldo positivo da balanza comercial galega redúcese ata os 129,5 millóns de euros cando no ano anterior se sitúa nos 1.298,6 millóns de euros.

O sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor. Dunha banda, o sector téxtil-confección, tras unha caída do 25,7% respecto ao mesmo período do ano anterior, vendeu ao exterior produtos por valor de 1.209,1 millóns de euros, o que representa o 23,5% das exportacións galegas. Doutra banda, as vendas do sector do automóbil reducíronse ata os 909,6 millóns de euros, un 15,8% menos que no primeiro triemstre do ano anterior, concentrando o 17,6% do total galego. Ambas actividades acollen o 41,1% das exportacións galegas, o valor máis reducido dende o ano 2011 (38,4%). Como se reflicte no gráfico seguinte, ambos sectores presentan una evolución dispar ata o ano 2018, xa que mentres o peso relativo do sector téxtil presenta unha acusada tendencia crecente, o sector do automóbil reduce o seu peso no importe total das exportacións galegas. Por contra, no último ano o sector téxtil presenta unha contracción moi superior á rexistrada no caso do automóbil.

No concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores no primeiro trimestre de 2019, o subsector téxtil-confección mantense como o sector co saldo positivo máis elevado, con 742,5 millóns de euros (un 41,4% inferior ao do ano anterior), en tanto que o sector do automóbil duplica o saldo deficitario rexistrado nos primeiros tres meses dos últimos tres anos. No primeiro trimestre de 2018, o saldo negativo da balanza comercial do sector do automóbil sitúase en case 636 millóns de euro fronte aos 309,9 millóns do ano anterior.

Ademais da devandita concentración sectorial, cabe insistir na aínda elevada concentración xeográfica. Neste senso, o conxunto dos países da UE-28 representan no primeiro trimestre de 2019 o 76,5% das exportacións galegas, catro puntos puntos inferior á do ano anterior, aínda que o segundo máis elevado dende 2010. Francia e Portugal seguen sendo os principais clientes das empresas galegas ao acoller o 19,4% das vendas ao exterior e o 14,8%, respectivamente. No ano mesmo período de 2008, Francia concentraba o 36,7% das exportacións galegas, fronte ao 16,2% no caso de Portugal. Coma se aprecia no cadro seguinte, os seis países máis

importantes onde se dirixen as vendas das empresas galegas son países comunitarios, concentrando o 60,3% do valor total das exportacións (eses mesmos países acollen o 68,6% en 2008).

Exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 1º trimestre 2010-2019.





Exportacións galegas 1º trimestre 2019. Distribución sectorial e xeográfica



Fonte: ICEX

AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial pódense salientar dous grandes aspectos. Dunha banda, o crecemento galego susténtase en boa parte no subsector de comercio, transporte e hostalería, que medra un 6,8% respecto ao ano anterior, máis de tres puntos por riba do rexistrado polo conxunto da economía española (3,6%). Doutra banda, rexístrase unha contracción do sector industrial no seu conxunto, e da industria manufactureira en particular o que contrasta co incremento rexistrado en España.

No primeiro trimestre do ano a industria manufactureira contráese un 1,7% respecto ao mesmo período do ano anterior, cando na economía española este sector medra un 1,2%. A pesar desta caída, os servizos vinculados ás actividades profesionais, científicas e técnicas, medran en Galicia un 4,5%, situándose esta porcentaxe sete décimas

por baixo da economía española.

Impulsado polo forte dinamismo do subsector de transporte, comercio e hostalería, así como polo comportamento das mencionadas actividades profesionais ou pola mellora do ritmo de crecemento das actividades de información e comunicación (3,5%), o sector servizos medra en Galicia un 3,7%, un punto por riba do estimado no trimestre anterior.

A construción rexistra novamente unha lixeira moderación no seu ritmo de crecemento, presentando unha taxa de variación interanual do 5,5%, tres décimas menos que no trimestre anterior. Por último, o sector primario medra fun 0,8% en Galicia, o que contrasta coa caída do 0,1% no conxunto do Estado.

Tras esta evolución, o 25,9% do veb xerado en Galicia corresponden ás actividades de comercio, transporte e hostalería, fronte ao 18,7% das administracións públicas, sanidade e educación, e o 13,6% da industria manufactureira. As actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, xeran o 5,9% do veb galego.

Como se aprecia na figura seguinte, dende o comezo da recuperación en 2014 continúa o incremento do peso relativo do sector servizos (oito décimas máis), influenciado especialmente polo comportamento do comercio, transporte e hostalería (2,4 puntos máis que en 2014). A construción presenta un incremento de sete décimas, en tanto que a industria manufactureira

Produto Interior Bruto en Galicia e España no 1º trimestre de 2019: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

tan só o fai en dúas décimas, o que esixe unha análise exhaustiva e detallada que explique este reducido incremento, así como replantear a política industrial e os seus instrumentos. Asemade, é necesario mellorar así como as políticas de estímulo e impulso da I+D+i, cuxo esforzo investidor (0,94% do PIB) atópase moi lonxe do obxectivo fixado no Plan Estratéxico de Galicia para o ano 2020 (1,7%) e do obxectivo comunitario (3%).

Neste senso cómpre facer referencia ao recentemente publicado Índice Rexional de Innovación, publicado pola Comisión Europea, que reflicte que Galicia é considerada como un innovador moderado, presentando o devandito índice un incremento do 2,5% entre as publicacións de 2011 e 2019. Con todo, a Comunidade Autónoma atópase moi lonxe da media española e europea. Mentres que respecto á UE o índice mantense practicamente estable por baixo do 56% (55,7% en 2019 e 55,8% en 2011), en relación a España Galicia perde posicións, descendendo o valor do índice dende o 86,7 ata o 84,4 (España = 100).

Como se desprende do gráfico de indicadores da innovación, os rateos máis reducidos atópanse no caso da patentes, deseño de aplicacións, ou a innovación dentro das propias pemes. Por contra, tan só presenta unha mellor posición relativa no caso da educación superior e na colaboración innovadora entre as empresas.

Con todo, se a comparación se fai coa estrutura produtiva existente antes da crise económica, rexístrase unha medra importante das actividades de comercio, transporte e hostalería (22,7% en 2008), producíndose unha forte caída do peso relativo no caso da construción (12,1% en 2008) así como unha redución da industria manufactureira, que supuña o 16,2% do veb galego ao comezo da crise.

Galicia. Índice rexional de innovación 2019



Fonte: Comisión Europea.

Estrutura produtiva de Galicia no primeiro trimestre de 2008, 2014 e 2019 (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

Produtividade aparente do traballo

A modo de conclusión cómpre facer referencia á evolución da produtividade aparente do factor traballo (PFT), que continúa sendo un dos problemas máis importantes da economía galega. A partir dos datos recollidos nas contas trimestrais, se pode realizar unha aproximación á produtividade a través de dous indicadores complementarios: o cociente entre o PIB e o número de postos de traballo

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia 2008, 2013, 2017 e 2018 (España = 100)



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

equivalente a tempo completo, e a relación entre o PIB e o número de horas traballadas.

O primeiro elemento que se pode destacar é que ambos os dous indicadores presentan unha evolución positiva no período de tempo considerado, se ben están por baixo da media española. Se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a PFT en Galicia supón no primeiro trimestre de 2019 o 97,7% da produtividade no conxunto do Estado, fronte ao 87,3% do ano 2008 e o 89,8% de 2013. No caso da produtividade por hora traballada, esta porcentaxe é do 93,3% no primeiro trimestre de 2019 fronte ao 81% de 2008 (83,1% en 2013).

No primeiro trimestre de 2019 ano, o PIB en termos monetarios (prezos correntes) medrou un 3,2% en Galicia, unha décima menos que no conxunto do Estado, en tanto que o número de postos de traballo medrou un 0,9% e as horas traballadas un 0,1%. Deste xeito a produtividade mellorou un 2,3% no primeiro caso, e un 3,1% se se mide en relación ás horas traballadas (0,5% en ambos os dous casos no conxunto do Estado).

Como segundo elemento a destacar, cómpre insistir na baixa produtividade da industria manufactureira en comparación co acontecido no conxunto da economía española. Este é un factor preocupan-

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia e España no primeiro trimestre 2007-2019
(PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo)



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

te se se ten en conta a importancia do sector industrial na definición dun modelo de crecemento estable a medio e longo prazo. Tras o descenso da produtividade no sector industria e na industria manufactureira en Galicia (medra lixeiramente no conxunto do Estado), a PFT medida en termos de traballo equivalente a tempo completo sitúase no 78,4% do valor español (80% se se mide en termos de horas traballadas).

No primeiro trimestre de 2019 todos os sectores de actividade, agás a industria e a industria manufactureira, presentan unha produtividade igual ou superior á media estatal, en termos de PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo, en tanto que no caso da produtividade por hora traballada, esta situación tan só se produce no caso da construción.

2- MERCADO DE TRABALLO: OS MESMOS TRAZOS POSITIVOS E AS MESMAS DEBILIDADES

O mercado de traballo galego mantén a súa tendencia positiva dos últimos trimestres atendendo á evolución da ocupación e á caída do desemprego, especialmente importante no caso do paro de longa duración. No eido da ocupación, salienta o acusado incremento da poboación asalariada ocupada no sector privado, o que contrasta coa caída dos empregados por conta propia (medran no conxunto do Estado); ou o descenso da temporalidade por mor do incremento do 5,2% dos asalariados indefinidos (0,9% nos temporais). No concernente ao desemprego, xunto á redución da taxa de paro ata o 12,5%, a porcentaxe máis baixa nun primeiro trimestre dende o ano 2009, cómpre resaltar que no primeiro trimestre do ano Galicia mantense como a quinta comunidade autónoma con maior descenso do paro en termos relativos.

Con todo, no actual contexto de moderación no ritmo de crecemento da actividade económica, cómpre mencionar que persisten elementos preocupantes sinalados nos anteriores informes de conxuntura. Entre estes pódense destacar a continua caída da poboación activa, especialmente grave no caso da poboación de 25 a 34 anos (máis dun 24% dende o primeiro trimestre de 2014), a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media española, as reducidas taxas de ocupación e actividade en comparación co resto das CC.AA., ou o aínda elevado peso da xornada a tempo parcial por motivo de non poder atopar un traballo a xornada completa (56,8%).

Poboación activa

A poboación activa galega experimenta no primeiro trimestre do ano un descenso de 2.400 persoas en relación ao mesmo período do ano anterior, para situarse nas 1.234.200 persoas. En termos de variación interanual, o número de activos reduciuse un 0,2%, o que contrasta co incremento do 0,7% estimado no conxunto do

Principais datos do mercado de traballo no primeiro trimestre 2015-2019

Miles de persoas	2015	2016	2017	2018	2019	2019 / 2018 milles personas	2019 / 2018 %
Poboación maior de 16 anos	2.361,6	2.351,1	2.347,3	2.334,8	2.333,9	-0,9	0,0
Poboación activa	1.263,2	1.249,0	1.250,8	1.236,6	1.234,2	-2,4	-0,2
25 - 34 anos	280,4	260,4	241,5	231,9	225,7	-6,2	-2,7
Poboación ocupada	987,5	1.021,1	1.033,6	1.050,1	1.080,2	30,1	2,9
Conta propia	213,1	222,7	232,3	218,2	214,9	-3,3	-1,5
Conta allea	774,0	797,6	801,1	831,4	865,1	33,7	4,1
Outra situación	0,4	0,9	0,3	0,5	0,2	-0,3	-60,0
Poboación parada	275,7	227,9	217,1	186,5	153,9	-32,6	-17,5
Parado longa duración	148,8	109,5	106,9	86,5	59,9	-26,6	-30,8
Poboación inactiva	1.098,3	1.102,2	1.096,6	1.098,1	1.099,7	1,6	0,1
Taxa de actividade	53,5%	53,1%	53,3%	53,0%	52,9%		
Taxa de ocupación	41,8%	43,4%	44,0%	45,0%	46,3%		
Taxa de paro	21,8%	18,2%	17,4%	15,1%	12,5%		
Taxa de temporalidade	23,6%	25,0%	25,8%	26,7%	26,7%		
Afiliacións (media trimestral)	918,8	934,7	952,4	977,9	998,0	20,1	2,1
Paro rexistrado (media trimestral)	256,2	234,5	211,4	187,7	173,1	-14,6	-7,8

Estado. Moito máis acusada segue a ser a redución da poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, que descende un 2,7% respecto ao mesmo período do ano anterior en Galicia fronte ao -1% en España, polo que é necesario insistir na necesidade de por en macha medidas específicas para reverter esta situación. No primeiro trimestre do ano Galicia conta con 225.700 persoas activas con idades comprendidas entre 35 e 34 anos, o que supón unha caída de 6.200 persoas respecto ao primeiro trimestre do ano precedente. Se se considera un horizonte temporal máis amplo, dende o comezo da recuperación económica no 1º trimestre de 2014, a poboación activa galega con idades comprendidas entre 25 e 34 anos descendeu en 72.100 persoas, o que supón unha caída do 24,2%, porcentaxe tan só por baixo do rexistrado en Asturias, cun 30,4% (no conxunto do Estado a caída é do 16,6%).

A taxa de actividade, que relaciona a poboación activa coa poboación maior de 16 anos, sitúase no primeiro trimestre de 2019 en Galicia no 52,9%, unha décima menos que no mesmo período do ano anterior, mantendose o diferencial con respecto á media española (58,4%). En relación ao resto das CC.AA. Galicia mantense como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida tan só por diante de Asturias (50,9%).

Evolución da poboación activa e taxa de actividade en Galicia 2008-2019



Fonte: INE

Ocupación

Por cuarto ano consecutivo (17 trimestres) os tres indicadores de emprego considerados (Seguridade Social, EPA e postos de traballo a tempo completo) presentan taxas de crecemento interanuais positivas ao tempo que se reduce tanto o paro rexistrado nas oficinas de emprego como o estimado na EPA. No primeiro trimestre do ano a poboación ocupada estimada pola EPA presenta unha medra interanual do 2,9% (30.100 ocupados máis), sendo este incremento do 2,1% no caso do número de afiliacións rexistradas (20.052 afiliacións máis) e do 0,9% no das contas económicas (8.703 postos de traballo equivalente a tempo completo). Se a comparación se realiza co primeiro trimestre do ano 2014, por ser o período de tempo que se pode considerar como punto de inflexión en termos de ocupación e desemprego, as afiliacións medraron en case 96.100 persoas (10,7%) e a poboación ocupada en 97.400 persoas (9,9%).

Estes datos positivos en canto á creación do emprego seguen a ser insuficientes cando se compara coa evolución seguida no conxunto do Estado, xa que Galicia continúa, un trimestre máis, con medras inferiores á media estatal nos tres indicadores mencionados: a poboación ocupada aumenta un 3,2%, o número afiliacións increméntase un 2,9%, sendo o ritmo de crecemento do número de postos de traballo equivalentes a tempo completo do 2,8%.

Tras o devandito incremento do número de afiliacións, Galicia conta no primeiro trimestre de 2019 con 997.995 afiliacións (media dos tres primeiros

Ocupación e desemprego en Galicia 2013-2019.
Taxas de variación interanuais



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

meses). Este incremento rexístrase tan só no caso das afiliacións ao réxime xeral e ao agrario, descendendo no último trimestre no réxime especial de empregados do fogar, no réxime especial do mar e fundamentalmente no número de autónomos. Tras unha medra de 23.437 afiliacións, Galicia conta con 735.356 afiliacións ao réxime xeral, mentres que o número de autónomos descende ata as 209.827 afiliacións, 2.797 afiliacións menos que a media dos tres primeiros trimestres de 2018.

Centrándonos na análise da poboación ocupada, Galicia conta con 1.080.200 ocupados no primeiro trimestre do ano, 30.100 persoas máis que no mesmo período do ano anterior. A ocupación feminina presenta en Galicia un mellor comportamento que a masculina, aumentando o número de mulleres ocupadas en 18.100 persoas (3,6%) e en 12.000 persoas no caso dos homes (2,2%). Tanto nun caso como noutro, o mercado laboral de España presenta un mellor comportamento que o galego (3,3% e 3,1%, respectivamente).

A taxa de ocupación, que mide a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos, aumenta ata o 46,3%, tres puntos e medio inferior á estimada no conxunto do Estado (49,8%). Comparado co resto das CC.AA., Galicia presenta unha taxa de ocupación tan só superior ás estimadas para Estremadura (43,1%), Andalucía (44,7%) e Asturias (43,3%), ademais de Ceuta (44,6%).

No concernente á distribución sectorial da ocupación, o sector servizos acolle o 72,2% dos ocupados galegos (780.000 persoas), destacando pola súa importancia cuantitativa as actividades de comercio e reparación de vehículos de motor, con 173.400 persoas (16,1% do total), as actividades sanitarias e de servizos sociais, con 102.000 persoas (9,4%) e a hostalería con aproximadamente 78.300 persoas ocupadas (7,2%). A industria manufactureira concentra un 14,6% da ocupación (157.900 persoas), entre cuxas ramas de actividade salientan as industrias de alimentación e bebidas acollen a 40.300 persoas (3,7% da ocupación galega). Finalmente, a construción da emprego ao 6% da poboación ocupada galega (65.100 persoas), en tanto que o sector agrario representa o 4,4% da ocupación total (47.300 ocupados) e as actividades da pesca e acuicultura, o 1,5% restante (16.200 persoas).

Comparado coa composición sectorial no conxunto de España, salienta o maior peso relativo tanto do sector primario galego (4,3% en España) como da industria manufactureira (12,6% no Estado). Por contra, tanto o sector servizos, que concentra o 75,2% da poboación ocupada, como a construción, que acolle ao 6,7% da ocupación, presentan unha maior importancia relativa no conxunto do mercado laboral español.

O devandito incremento interanual da ocupación de 30.100 persoas no último trimestre explícase fundamentalmente polo comportamento experimentado no sector servizos, que volve a ser o sector de maior creación de emprego en termos absolutos (35.300 persoas máis; 4,7%), así como na industria manufactureira (2.800 persoas ocupadas máis; 1,8%). Por contra, a ocupación descende no sector primario, basicamente no subsector agrario, con 6.200 persoas menos (6.000 menos no subsector agrícola e forestal; 11,3%), sendo esta caída de 700 persoas na construción (1,1%). Entre as distintas ramas de actividade englobadas no sector terciario cómpre resaltar, pola súa importancia, os incrementos da ocupación estimados na hostalaría, con 8.500 persoas ocupadas máis (12,2%), nas actividades sanitarias e de servizos sociais, con 8.400 máis (9%), e nas actividades profesionais, científicas e técnicas, con 9.400 ocupados máis (20%). No extremo oposto, cómpre mencionar a caída de 5.600 persoas no caso das actividades comerciais, o que supón unha redución do 3,1% respecto ao ano anterior.

Evolución da poboación ocupada en Galicia no primeiro trimestre 2017-2019: distribución segundo ramas de actividade. Variación interanual (miles de persoas).



Composición relativa da ocupación en Galicia no primeiro trimestre 2010, 2014, 2019: distribución segundo principais ramas de actividade



No que atinxe á situación profesional dos ocupados, oito de cada dez ocupados galegos no primeiro trimestre do ano son traballadores por conta allea (865.100 persoas) fronte aos dous restantes (214.900 ocupados) que son

traballadores por conta propia. No que aos asalariados se refire, Galicia conta con 675.500 traballadores no sector privado, o 62,5% da poboación ocupada galega, e 189.600 ocupados no sector público (17,6%). Entre os traballadores por conta propia, salientan os empresarios sen asalariados ou traballadores independentes, con 144.000 persoas, o 13,3% da poboación ocupada galega.

Comparado coa estrutura da ocupación no conxunto do Estado, unha primeira diferenza radica no maior peso relativo dos traballadores por conta propia, tanto daqueles que teñen asalariados ao seu cargo (4,9% en España fronte ao 6% en Galicia) como dos empresarios sen asalariados ou traballadores independentes (10,6% no Estado). Doutra banda, entre os asalariados o peso relativo do sector público segue sendo superior á media española (16,5% no conxunto do Estado e 17,6% en Galicia), a diferenza do acontecido no caso do sector privado (67,5% en España e 62,5% na Comunidade Autónoma).

Atendendo á evolución da ocupación respecto ao mesmo período do ano anterior, tanto en Galicia como en España medra o número de traballadores por conta allea, sendo esta tendencia máis acusada na Comunidade Autónoma por mor do comportamento dos asalariados no sector privado. Dunha banda, os asalariados en Galicia medran un 4,1% respecto ao ano anterior, medio punto máis que no conxunto do Estado, sendo esta porcentaxe do 5% no caso do emprego no sector privado galego (3,6% en España). Ao mesmo tempo, os asalariados no ámbito público medran tan só un 0,8%, o que contrasta co incremento nun 3,5% no conxunto do Estado. En termos absolutos, o número total de traballadores por conta allea medra en 33.700 persoas, das que 32.300 corresponden ao sector privado en tan só 1.500 ao emprego público.

Doutra banda, o número de traballadores por conta propia descende en Galicia un 1,5% (3.300 persoas menos), o que contrasta coa medra do 1% estimada no mercado laboral español. Este diferencial explícase polo forte descenso tanto dos empresarios con asalariados (5,5% en Galicia e 0,1% en España) como polos ocupados nas empresas ou negocios familiares (39,5% fronte ao 12,3%). Con todo, cómpre destacar que tanto o mercado laboral galego como español presentan unha medra do número de empresarios sen asalariados, sendo este incremento lixeiramente superior en Galicia (2,5% fronte ao 2,2% en España).

Atendendo á calidade de emprego creado no primeiro trimestre de 2019, ao igual que o acontecido no ano primeiro trimestre do ano anterior, o número de asalariados aumenta tanto entre aqueles que asinan contratos temporais como indefinidos. No último trimestre o número de asalariados con contratos indefinidos aumentan significativamente por riba do que acontece cos asalariados temporais (31.800 e 1.900 persoas, respectivamente), con-

Poboación ocupada en Galicia e España no primeiro trimestre 2019: distribución porcentual segundo situación porcentual



Fonte: INE

tando Galicia con 223.600 asalariados temporais, o que representa o 25,8% dos asalariados. Dende o primeiro trimestre de 2014, cando se acada o nivel máis baixo, a taxa de temporalidade aumentou en 4,4 puntos.

Evolución da taxa de temporalidade en Galicia 2006-2019



Fonte: IGE

Desemprego

No que atinxe ao desemprego, o número de persoas paradas estimadas na EPA redúcese en Galicia un 17,5% en relación ao mesmo período do ano anterior, porcentaxe tan só superada pola acadada no cuarto trimestre do ano anterior (-18,2%), acadando os 153.900 parados, 26.600 persoas menos que no mesmo período do ano anterior. En termos relativos, este descenso non só segue a ser superior ao estimado no conxunto do Estado, onde se reduce un 11,6%, senón que se mantén como a quinta Comunidade Autónoma con maior redución tras Castela A Mancha (-23,6%), Navarra (-22,2%), a C. Valenciana (-18,3%) e Murcia (-18%). No caso do número de persoas rexistradas no servizo público de emprego esta caída sitúase no 7,8%, acadando os 173.117 parados (14.615 persoas menos que no mesmo trimestre do ano anterior).

O bo comportamento do mercado de traballo reflíctese tamén no paulatino descenso da taxa de desemprego, que no primeiro trimestre situouse no 12,5%, máis de dous puntos por baixo da media española (14,7%), o que supón a porcentaxe máis baixa nun primeiro trimestre dende o ano 2010 (15,4%). A diferenza do acontecido no ano anterior, o descenso da taxa de paro é significativamente superior no caso das mulleres que no dos homes, situándose a taxa de paro feminina no 12,8% e a masculina no 12,1%. Con todo, cómpre resaltar a elevada da taxa de desemprego dos menores de 25 anos, que a pesar do seu descenso no primeiro trimestre de 2019, esta se sitúa no 31,5%, 5,1 puntos menos que no mesmo período do ano anterior.

Taxa de paro en Galicia 2010-2019

	Total	Homes	Mulleres %	Longa duración	Menores 25 anos
2010	15,4	14,5	16,4	5,1	36,0
2011	17,2	16,6	17,9	6,6	41,5
2012	20,1	19,8	20,4	8,7	42,1
2013	22,3	22,5	22,0	10,7	50,4
2014	23,2	23,7	22,7	12,1	49,5
2015	21,8	21,5	22,2	11,8	45,6
2016	18,2	17,6	18,9	8,8	43,4
2017	17,4	17,2	17,5	8,5	35,5
2018	15,1	14,2	16,0	7,0	36,6
2019	12,5	12,1	12,8	4,9	31,5

Fonte: IGE

Entre os aspectos máis positivos da evolución do mercado de traballo cómpre salientar novamente a importante redución do paro de longa duración. No primeiro trimestre de 2019 atopábanse nesta situación un total de 59.900 persoas, nivel inferior xa ao acadado no primeiro trimestre de 2010 (66.700 persoas), o que supón un descenso 26.600 persoas en relación ao mesmo período do ao anterior (-30,8%). En relación ao nivel de desemprego máis elevado dende o comezo da crise, acadado no primeiro trimestre de 2014 (154.400 persoas en situación de desemprego de longa duración), Galicia experimenta unha caída de 94.500 persoas no caso do desemprego de longa duración (143.000 parados totais menos).

Con todo, este segue a ser un dos principais problemas do mercado de traballo galego xa que o 38,9% dos parados galegos son parados de longa duración. Con todo, esta é a porcentaxe máis baixa dende o primeiro trimestre de 2011 (38,6%). Ao comezo da crise económica esta porcentaxe situábase por baixo do 30%.

Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2019



Fonte: IGE

A diferencia do acontecido no primeiro trimestre do ano anterior, o devandito descenso do paro de longa duración prodúcese nos diferentes grupos de idade considerados. O descenso máis acusado en termos absolutos estímase no caso das persoas de 35 a 44 anos, con 9.700 persoas paradas menos, situándose nas 15.700 persoas (26,2%). A continuación séguelle a caída no caso das persoas de 45 a 54 anos, con 7.000 desempregados menos, descendendo o número de desempregados ata os 18.400 persoas, o que representa o 30,7% dos parados de longa duración. Os parados de longa duración maiores de 55 anos, acadan as 13.600 persoas, 5.700 menos que no primeiro trimestre do ano anterior (o 22,7% dos parados de longa duración).

Variación interanual do paro de longa duración en Galicia no primeiro trimestre 2015-2019. Miles de persoas



Fonte: IGE

Xunto a esta positiva caída do paro de longa duración cómpre destacar a tendencia descendente do número de fogares galegos con todos os seus activos en situación de desemprego, así como o incremento daqueles onde todos os seus activos son ocupados. No primeiro trimestre de 2019 en Galicia hai en 55.000 vivendas familiares onde todos os seus activos son parados, 46.500 menos que no primeiro trimestre de 2014, e 601.600 fogares con todos

os seus activos ocupados (100.600 fogares máis). Doutra banda, o número de fogares sen preceptores descende ata as 26.200 vivendas, nivel similar ao do primeiro trimestre de 2012 (26.700 fogares).

Evolución do número de fogares (vivendas familiares) onde todos os seus activos estean parados ou ocupados no primeiro trimestre 2010-2019



Fonte: IGE

II- Comentarios

A voltas co incremento do SMI

José Antonio Neira Cortés
Secretario xeral en funcións da confederación de empresarios de Galicia

Escribiuse moito desde que o goberno anunciou un acordo co grupo parlamentario Unidos Podemos sobre os Orzamentos Xerais do Estado para 2019. Entre as medidas de maior calado atopábase un incremento do Salario Mínimo Interprofesional ata aos 900 euros/mes en catorce pagas para o 2019, o que significaba un aumento do 22,3 % respecto do ano 2018. Devandito incremento non ten parangón en toda a serie histórica, polo que se cuestionaba dita medida pola súa alta incerteza.

Por outra banda, o acordo postergaba o que o 26 de decembro de 2017 asinaron CEOE, CEPYME, CCOO e UGT co Goberno de España que establecía unha senda máis paulatina no incremento do SMI:

. O 4% para 2018: 736 euros ao mes en 14 pagas e 10.304 euros ao ano.
. O 5% para 2019, alcanzando 773 euros ao mes en 14 pagas e 10.819 euros ao ano.
. E o 10% para 2020, quedando en 850 euros ao mes en 14 pagas e 11.901 euros ao ano.

Así mesmo, condicionábanse os devanditos incrementos a varios factores, en primeiro lugar que a economía rexistrase un crecemento do PIB real do 2,5% ou superior e un incremento da afiliación media á Seguridade Social superior ás catrocentas cincuenta mil persoas, todo iso en termos interanuais e segundo os últimos datos publicados no momento de determinar o SMI de cada ano.

Fronte a estas previsións, o Real Decreto 1462/2018 (BOE de 27 de decembro) estableceu que o SMI para 2019 sería de 900 euros mensuais (12.600 euros anuais).

Para as organizacións empresariais a fixación unilateral polo Goberno do SMI en 900 euros devaluaba gravemente o valor do diálogo social ao terse subscrito xa en 2017 o Acordo citado.

Igualmente, minusvaloraba a firma o 5 de xullo de 2018 por CEOE, CEPYME, CCOO e UGT do IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (IV AENC).

Polo tanto, a nova medida de incremento do SMI non só implica un determinado efecto económico, senón que ten outras consecuencias que non cabe obviar: a depreciación do diálogo social e do papel

1- As opinións manifestadas neste artigo son estrictamente persoais e nou se corresponden necesariamente coas da organización á que pertence.

propio dos interlocutores sociais recoñecido no art. 7 da Constitución, para a defensa dos intereses que lles son propios, así como menoscabar o valor da negociación colectiva, amparada tamén polo texto constitucional.

Desde as organizacións empresariais púxose de manifesto a súa aposta por avanzar dunha forma máis progresiva e en atención da conxuntura e previsións económicas de cada sector na actualización do SMI.

Ademais, debido á menor previsión de crecemento do PIB para 2019, a creación de emprego tamén será inferior á de 2018.

Por iso parece razoable actuar con cautela e prudencia ante a aplicación dunha medida cuxo impacto descoñécese e sen precedentes nun escenario de desaceleración paulatina da nosa economía, contando cunha taxa de paro aínda elevada, algo inferior ao 15% no terceiro trimestre de 2018 no que se publicou o Real Decreto.

Esta suba supoñía un forte aumento nun só ano, de feito o incremento máis elevado en toda a serie histórica do SMI, o que xeraba unha gran incerteza sobre os efectos económicos que podería provocar, de tal modo que o obxectivo esgrimido polo Goberno de mellorar as rendas salariais das persoas traballadoras con soldos máis baixos podería ser prexudicado por outras consecuencias non desexadas .

Entre as devanditas consecuencias sinaláronse como posibles efectos negativos a redución de xornada, o aumento da contratación a tempo parcial, a ralentización do emprego a tempo completo ou o incremento do paro estructural das persoas mozas e persoas traballadoras de baixa cualificación, así como o posible aumento da economía mergullada.

Trasladáronse aos medios diferentes posicións e produciuse unha polémica sobre os resultados da aplicación de tal incremento tan brusco que non ten antecedentes na nosa historia. Polémica na que se solicitaron rectificacións de previsións de distintas institucións e entidades.

Segundo os datos do Banco de España esta suba supoñería unha perda de 125.000 empregos. Así mesmo a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal estimou o efecto negativo da medida en 40.000 postos de traballo.

O certo é que na EPA do primeiro trimestre do ano, aínda que os datos foron malos (como adoita ser habitual no primeiro trimestre) non se apreciou un forte incremento do paro pola subida do salario mínimo. Novamente isto aconsella a manterse na prudencia pois falta máis tempo e datos para poder valorar a medida en global, con todos os seus posibles efectos.

Os resultados dependen non só do tamaño relativo da suba, senón que tamén do momento do ciclo, lugar e colectivos sobre os que se pretende medir o impacto.

Agora ben, os efectos directos están claros, pois debe terse presente igualmente que o aumento do SMI determina o incremento da base mínima de cotización.

Xa CEOE sinalara que o aumento na base mínima de cotización suporía por cada traballador pertencente ao Réxime Xeral que cobre o salario mínimo actual, un incremento de case 740 euros ao ano nas cotizacións á Seguridade Social a cargo da empresa, mentres que as cotizacións á Seguridade Social a cargo do traballador subirían en 146 euros.

Estimouse que as cotizacións á Seguridade Social a cargo da empresa crecerán nuns 500 millóns de euros en 2019 como

consecuencia da suba do SMI a 900 euros.

Cómpre destacar que aínda que o primeiro aumento notable da actual senda de subidas do SMI en 2017 non tivo efectos que poderíamos denominar substanciais sobre a ampliación da cobertura do SMI, pasar a 900 euros no 2019 corre o risco de máis que dobrar as taxas de cobertura e na nosa comunidade autónoma de acordo con algúns estudos a taxa pasaría dun 3,2% en 2018 a un 8,1% en 2019 (Florentino Felgueroso, 15-10-2018), sendo o incremento da taxa de cobertura moito maior no caso das persoas mozas e empresas de nova creación.

Desde as organizacións empresariais se tiña advertido que esta suba unilateral e brusca (e que non ten en conta os acordos alcanzados no diálogo social) afectaría negativamente á competitividade e á creación de emprego. As empresas deben adaptar os seus custos laborais a esta nova circunstancia e serán máis cautas nas expectativas de creación de emprego ou ben terán que verse obrigadas a reducir o seu emprego (ou xornada) se o custo supera a achega que algunhas persoas traballadoras realizan aos ingresos das empresas.

Aínda que é certo que, por unha banda, parte dos efectos son difíciles de determinar porque se encobren polo aumento do emprego e a redución do paro inherentes ao crecemento da economía, estes manifestaranse máis cando se interrompa a etapa expansiva do ciclo económico.

Por outro lado, como se sinalou, determinar o efecto da subida postergando o doutras causas esixe unha análise que require de máis tempo de vixencia da medida. Iso é debido a varios factores:

En primeiro lugar porque algúns efectos poden vir dados pola presión que o incremento someterá ás escalas salariais da negociación colectiva transmitíndose de forma proporcional ao conxunto ou parte da escala salarial dos convenios. Efecto que non operaría de modo inmediato e que estaría pendente dos propios ritmos da negociación colectiva. A medida pode ter un efecto importante porque vía a negociación colectiva, acabe afectando a unha porcentaxe máis numerosa das persoas traballadoras.

En segundo lugar porque aínda que o enfoque da maioría dos estudos centrouse nos efectos máis inmediatos de determinadas variables ante cambios no SMI, non se pode descartar que os devanditos efectos poidan aparecer tamén nun período de tempo máis prolongado.

Iso é así, entre outros aspectos, porque a empresa pode optar por unha reorganización dos factores produtivos ou o cambio dos procesos de traballo, con aforro de man de obra pouco cualificada, aspectos que precisan dun prazo maior para a súa implementación.

Cabe esperar que nunha fase de crecemento sensible do PIB se cree emprego en proporción próxima ao devandito crecemento pero tamén que a subida do custo salarial moderará o crecemento de certos tipos de emprego, afectando máis ás persoas traballadoras de menor renda e os máis propensos a perder o emprego e a permanecer no paro.

Por iso, resulta conveniente levar un seguimiento detallado dos efectos da subida para poder actuar de xeito efectivo sobre o colectivo de persoas traballadoras afec-

tadas, co obxectivo de establecer medidas que aumenten a súa empregabilidade, tendo en conta dous trazos diferenciais do noso mercado de traballo: a baixa cualificación dos traballadores inmigrantes e a elevada proporción de persoas traballadoras novas e non tan novas con baixa cualificación polas altas taxas de abandono escolar.

Os incrementos nas cotizacións á Seguridade Social, ou o incremento nun 22,3% do SMI recaen directamente e principalmente sobre as empresas.

Os custos medios por traballador e mes (que inclúe as remuneraciones e as cotizaciones sociais) ascenderon a 2.550,27 euros no primeiro trimestre, o que supón un aumento do 2,1% respecto ao mesmo periodo de 2018, o maior incremento en cinco anos (INE).

As empresas tiveron que facer fronte desde o primeiro momento aos efectos derivados da suba do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) do 22,3%, ata os 900 euros mensuales, e non só en termos de incremento dos custos laborais senón no relativo á adaptación dos convenios.

Un dos conflitos máis comúns que están atopando os empresarios e as súas organizacións á hora de aplicar o incremento salarial nos convenios é o derivado dunha ineficiente redacción do Real Decreto.

E outro é o producido polo mantemento das condicións económicas dos contratos públicos. Prodúcese o incremento inevitable dos custos pero as condicións económicas mantéñense, co consecuente prexuízo económico .

O incremento do gasto e, por extensión do déficit, preténdese soster cunha política fiscal para as empresas cunha finalidade recaudatoria e non incentivadora do investimento; esta última imprescindible para crecer, ter empresas competitivas e crear emprego estable e de calidade.

De ahí a necesidade de acometer cambios e reformas tendentes a favorecer o mantemento da senda de reactivación económica e a flexibilización das condicións na que desenvolven a súa actividade as empresas, de modo que se facilite o crecemento e a creación de emprego de xeito sostido, sen que este véxase impedido por maiores cargas e custos que poden entorpecer a actividade produtiva e a creación de emprego.

Comparto o desexo de que os salarios melloren, pero considero que isto debe realizarse mediante outras medidas baseadas na creación de emprego de calidade a través dunha mellora do capital humano por medio da educación e a formación profesional, e o aumento do capital físico e tecnolóxico mediante o investimento empresarial e unha maior eficiencia na asignación de recursos, co conseguinte aumento da produtividade.

1- Sobre este asunto, recomendo unha atenta lectura do Informe da Xunta Consultiva de Contratación do Estado no expediente 18/19 sobre Efectos do incremento do salario mínimo interprofesional nos contratos públicos.

O salario mínimo de 900 euros non destrúe emprego e mellora o benestar

Manuel Lago
Profesor políticas sociolaborais na ERLAC/UDC que trallabou no gabinete económico de CCOO

España, o seu mercado de traballo, converteuse no principal laboratorio mundial para analizar os posibles efectos de aumentar o salario mínimo sobre o emprego. Non hai moitos precedentes dun incremento tan importante na súa contía, en especial tratándose dunha das principais economías do mundo que ademais ten un mercado de traballo tan singular como o español, que sofre as taxas de paro e de precariedade laboral máis altas da OCDE.

Por recordar os datos, o goberno da moción de censura aumentou o salario mínimo interprofesional (SMI) de 736 euros a 900 euros mensuais, isto é, 164 euros máis ao mes equivalente ao 22,3% de incremento. Un incremento nominal que se traslada case na súa práctica totalidade a un aumento do poder adquisitivo das persoas que o cobran porque a inflación está en niveis moi baixos, próximos ao 1% anual.

En segundo lugar, o elevado peso do emprego precario con baixos ingresos en España fai que este incremento do salario mínimo beneficiase de forma directa a un elevado número de persoas. Segundo o director xeral da Seguridade Social sobre 1,3 millóns en Réxime Xeral, 400.000 no sistema especial de empregadas de fogar e 800.000 no agrario, cotizaban en 2018 por baixo dunha base de cotización de 1.050 euros, o que supón un salario mensual por baixo de 900 euros mensuais.

Polo tanto, o aumento do salario mínimo a 900 euros a partir do 1 de xaneiro de 2019 beneficiou de forma directa a 2,5 millóns de persoas, o 15% do total de persoas afiliadas ao Réxime Xeral da Seguridade Social, (incluídas os sistemas especiais de empregadas de fogar e agrario). Isto é, para case 1 de cada 7 persoas que traballan por conta allea, a subida do SMI trasládase de forma directa a un aumento dos seus ingresos o que supón unha mellora sensible do seu nivel de vida.

Xa transcorreron cinco meses dende que se implantou o novo salario mínimo e xa dispoñemos de información suficiente para unha primeira avaliación de cal foi a súa repercusión no emprego. Un balance que se pode facer con tres fontes fundamentais: as estatísticas da Contabilidad Nacional e da EPA para o primeiro trimestre do 2019 elaboradas polo INE e, sobre todo, o rexistro da afiliación á Seguridade Social.

Nos tres casos os resultados son positivos. Moi positivos en realidade. Na Contabilidad Nacional os postos de traballo asalariado equivalentes a tempo completo e axustados de estacionalidade e calendario incrementáronse en 119.000

persoas, unha cifra superior no 14% á do mesmo período do ano anterior.

Pola súa banda, na Enquisa de Poboación Activa, a taxa trimestral desestacionalizada de variación do emprego foi do 0,76% en 2019, sensiblemente superior ao 0,55% en que se incrementou no mesmo trimestre de 2018.

Polo tanto, as dúas estatísticas máis relevantes para medir a evolución do emprego —a EPA e a Contabilidad Nacional— indican que en 2019 a dinámica de creación de emprego en España foi superior á de 2018, e iso malia a desaceleración do ciclo económico que se está producindo na Unión Europea.

Pero a fonte máis sólida para analizar a evolución do emprego no que levamos de ano é o rexistro de afiliación da Seguridade Social, da que xa dispoñemos dos datos de maio, isto é case a metade do ano.

O nivel de detalle do rexistro permite coñecer tanto a evolución da cifra total de afiliación, como dos datos desagregados para os colectivos laborais que puidesen estar máis afectados polo aumento do SMI. En concreto, a Seguridade Social informa da evolución da afiliación por réxime, xornada,idade, sectores, territorios e tipo de contrato.

Nos cinco primeiros meses de 2019 o número de afiliados no Réxime Xeral da Seguridade Social —o dos asalariados— aumentou en 399.351 persoas. No mesmo período de 2018, o aumento foi de 388.297, o que significa que co novo SMI o emprego, medido a través da afiliación, aumentou un 2,8% máis que o ano pasado.

Existe polo tanto unanimidade nas tres fontes, polo que de ningún xeito se pode concluír que o incremento do SMI tivera efectos negativos na evolución do emprego. Máis ben ao contrario.

O seguinte paso da análise é comprobar si detrás da cifra global se esconden dinámicas negativas nalgún segmento específico do mercado de traballo, o que leva a entrar no detalle da afiliación.

En primeiro lugar, o número de persoas asalariadas incrementouse o 2,5% fronte ao 0,7% das non asalariadas. Isto é, o emprego no colectivo afectado directamente polo SMI aumentou tres veces máis que o non afectado. É un dato sen dúbida moi significativo, explicado en parte polas dificultades que atravesa o emprego autónomo.

Tamén é positiva a evolución do emprego asalariado tendo en conta o tipo de xornada. En 2019 o emprego asalariado a tempo completo aumentou o 2,8% mentres que o de tempo parcial fíxoo o 2,2%. En cifras absolutas, son 275.000 asalariados máis con xornada ordinaria fronte a 73.000 con xornada reducida. Con estes datos parece evidente que nos cinco primeiros meses de aplicación do SMI non se produciu un transvase de ocupados a tempo completo a contratos de tempo parcial. Unha evidencia reforzada pola análise comparada co mesmo período de 2018 no que se rexistrou unha evolución moi similar.

Na análise sectorial tampouco se atopan evidencias de evolución negativa, sacando a razón aos que prevían unha destrución de emprego nas actividades de baixa produtividade e baixos salarios. Obviamente é nestas actividades onde hai máis persoas con salarios por baixo de 900 euros e polo tanto serían os máis afectados polo aumento do SMI.

Dos 87 subsectores de actividade que

recolle a Seguridade Social hai creación de emprego en 74 e redúcese a afiliación en 13, pero, ademais, a comparación dos mesmos non reflicte un patrón de comportamento homoxéneo en cada un dos grupos que se poida vincular ao seu nivel salarial. Máis ben ao contrario nunha liña similar á de 2018.

En cifras absolutas, os subsectores que máis emprego crean son os vinculados á hostalería e a construción, que están dentro das actividades de baixos salarios, pero tamén está a educación, a consultaría ou o transporte que están no grupo dos salarios altos.

E o mesmo sucede nas ramas nas que se destrúe emprego, porque este grupo de menor tamaño está configurado por subsectores de elevado salario, como o sector eléctrico, as actividades sanitarias e as de correos pero tamén outras de baixos salarios, como os servizos de vixilancia.

Con todo si que existe unha evidencia negativa de carácter sectorial: a que se produce no sistema especial de empregadas de fogar, porque nesta actividade si hai unha lixeira caída do número de persoas afiliadas á Seguridade Social xa que baixan en algo máis de 4.000 persoas en 2019, un retroceso do 1% da cifra total coa que se iniciou o ano. Unha evolución negativa e diferenciada do resto de actividades explicada en gran parte polo tipo de empregador nesta actividade, que son fogares e non empresas.

A evolución territorial do emprego tamén refuta as hipóteses previas de posibles efectos negativos naquelas comunidades autónomas con salarios máis baixos e, polo tanto, máis expostos ás supostas consecuencias negativas de subir o salario mínimo. Tampouco no territorial hai un patrón de comportamento homoxéneo que permita soster a existencia de dinámicas diferentes nas CC.AA segundo o seu nivel salarial.

Entre as catro CCAA nas que o emprego asalariado crece por encima da media, dúas, Andalucía e Murcia, están entre os territorios cun nivel salarial máis baixo, pero comparten grupo con Cataluña que está na situación contraria.

Entre os que teñen a peor evolución do emprego están tres de salarios baixos —Castilla-León, Castilla a Mancha e Canarias— pero tamén dous das CCAA que teñen os salarios máis altos de España; Madrid e o País Vasco. Non existe polo tanto evidencia estatística de que o aumento do SMI provocase problemas na evolución do emprego nos territorios cos salarios máis baixos.

Nas análises críticas cos efectos do SMI un dos colectivos sobre os que se poñía o foco era o das persoas máis novas, por seren os máis precarios, os máis vulnerables e os que teñen os salarios máis baixos. E con todo, os datos demostran que o emprego dos mozos non se viu afectado nos cinco primeiros meses de 2019.

Definindo ao colectivo xuvenil como as persoas menores de 30 anos, no que levamos de 2019 a afiliación ao Réxime Xeral da Seguridade Social aumentou en 61.550 persoas, un 2,6%, a mesma porcentaxe que en 2018.

En conclusión, o balance dos cinco primeiros meses do ano é que non existe ningunha evidencia de que o aumento do salario mínimo haxa ter efectos negativos sobre o emprego, nin en termos agregados nin nos colectivos que supostamente tiñan un maior risco de sufrilos.

A consistencia das cifras é tan sólida que

a propia AIREF, que chegou a cuantificar en 40.000 os empregos que se deixarían de crear, rectificou esta opinión afirmando agora que **"os datos dispoñibles non permiten apreciar ningún impacto negativo a curto prazo da subida do SMI"**.

Por que non hai efectos negativos, ou dito doutra forma, como se pode explicar que un aumento do 22% no salario mínimo non produza problemas no emprego?

Aínda non hai información suficiente para contestar de forma definitiva a esta pregunta pero hai dous factores que posiblemente explican en boa medida o que está sucedendo.

O primeiro, é que o SMI en España era moi baixo, non só en termos comparados en Europa, senón tamén, e sobre todo, tendo en conta o nivel de produtividade en España. A subida de 2019, sendo moi significativa, serviu para normalizar a contía do SMI en relación ao nivel salarial medio en España, á produtividade, aproximándonos aos valores medios da UE. Un proceso aínda non terminado, porque seguimos por baixo destes valores.

O segundo factor é que as empresas dispoñen de marxes suficientes para abordar o incremento do SMI sen poñer en risco a súa conta de resultados, como consecuencia do aumento dos seus beneficios nos últimos anos.

Un indicador preciso das maiores marxes empresariais é a evolución do denominado excedente bruto de explotación e rendas mixtas, que é a parte do PIB destinada aos beneficios, tanto das empresas como de autónomos e profesionais. Desde 2010 a 2017 o excedente bruto aumentou en máis de 53.000 millóns de euros mentres que a remuneración dos asalariados fíxoo en tan só 6.000 millóns de euros, ambas cifras en valores nominais.

Esta redistribución da renda foi un dos obxectivos centrais da política económica aplicada a partir de 2010, porque a depreciación interna á que foi sometida España foi, no fundamental, unha depreciación salarial, que contou como principais instrumentos as reformas laborais de 2010 pero sobre todo de 2012.

O obxecto destas reformas foi o deterioro xeneralizado dos dereitos laborais en especial dos custos laborais, transferindo rendas do traballo a rendas do capital para aumentar a taxa de beneficios.

Esta política de depreciación salarial afectou de forma especial aos niveis salariais máis baixos, que sufriron perdas de poder adquisitivo por encima do 25% nestes anos —o decil 1 dos salarios— aumentado de forma inxustificada as marxes de ganancia empresarial.

O salario mínimo en España estaba claramente por baixo do seu nivel de equilibrio tendo en conta o nivel salarial global, a produtividade do traballo e as amplas marxes empresariais. Por iso o novo salario mínimo de 900 euros non provocou efectos negativos no emprego pero si moitos efectos positivos, porque con esa cifra aproximase a un salario suficiente para que as persoas que o cobran podan vivir do seu traballo.

En síntese, aumentar o salario mínimo beneficia a maioría social, é perfectamente asumible polas empresas, serve para reequilibrar o reparto da riqueza, vai impulsar a economía e o emprego, mellora o benestar, corrixe a desigualdade, combate a pobreza laboral reduce a brecha salarial de xénero, protexe as persoas máis novas e aumenta os ingresos da Seguridade Social.

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS

ABANCA

ASOCIACION GALLEGA DE LA EMPRESA FAMILIAR

Casal de Armán

civisglobal
construimos entorno

COREN

CRTVG
CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

Domusvi
Cuidamos personas en buena compañía

Galuresa
Algo más que gasolineras

Hierros AÑÓN, S.A.

Hijos de Rivera, S.L. Corporación

INVERAVANTE

JEALSA

MAPFRE

Naturgy

Grupo Nogar

PÉREZ RUMBAO

ReVi

Rodiñas

Rodman

CONSORCIO ZONA FRANCA VIGO

Grupo de investigación GEN
Universidade Vigo



ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

II / 2019

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es